



O DOMINGO, PARTIDAZO E LACÓN EN PRADOS VELLÓS

Nova xornada para os diferentes equipos do Numancia. Fin de semana con moitos partidos en Prados Vello. De especial importancia o encontro dos modestos ó domingo. Analizamos a xornada a continuación:

MODESTOS: Reciben na 20ª xornada de Liga o CD As Pontes "B". Despois da importante vitoria en Ortigueira, os numantinos reciben o filial do As Pontes. 4º e 5º clasificado, separados por un punto mídense en Prados Vello cun mesmo obxectivo; acadar á vitoria para seguir na caza e captura dos tres primeiros clasificados. ¿Algúen da mais? Pois si. No descanso do partido o gañador da habitual rifa será obsequiado cun lacón propio destas datas. ¿De verdade que vas a fallar ó domingo? Sería imperdoable. O domingo as 16:30 todo bo numantino e toda a Marea Vermella debe acudir a Prados Vello. ¡¡¡Prohíbido faltar!!!

